# ANIMAIS DO DESERTO

O deserto é un lugar árido, onde apenas chove. Algúns desertos son de area, outros son chans e pedregosos, hainos tamén montañosos, pero o que todos teñen en común é a falta de auga e vexetación e un clima ou extremadamente frío ou extremadamente quente. As condicións de vida do deserto son moi duras, polo que son poucos os animais ou as plantas que poden sobrevivir nel.

Dentro dos animais do deserto imos citar algúns:



**O camelo:** É un animal que ten dúas xibas no lombo onde almacena graxa, así pode aguantar moitos días sen comer nin beber e cruzar grandes zonas desérticas. Cando bebe faino en grandes cantidades.



**O dromedario:** Ocórrelle igual que ó camelo, diferénciase del en que ten unha soa xiba.



**O crótalo:** É unha serpe moi perigosa, chamada tamén serpe de cascabel porque ó final do rabo ten unha serie de aneles que fai vibrar coma se foran cascabeis cando se sinte ameazada. Ten un detector de calor que lle permite localizar as súas presas. Desprázase lateralmente apoiándose sobre a cabeza.

**O escorpión:** Ten un aguillón velenoso no rabo que o usa para matar pequenos animais cos que alimentarse. Non bebe nunca, élle suficiente co líquido que obtén dos animais que caza.





**O mulgara:** É un marsupial que tamén vive no deserto, non bebe nunca; ó igual que o escorpión, obtén toda a auga que precisa dos animais dos que se alimenta.

**O xeco do deserto:** É un pequeno réptil que caza durante a noite e pola mañá élle suficiente con unha gota de orballo que lambe das rochas. Ten a pel forte e escamosa, con escamas longas e apuntadas. O xeco fai un ruído incrible chascando a lingua, algúns ladran coma cans, outros cantan coma grilos.



**A rata do deserto:** É un roedor que escava galerías na area e, durante o día, vive nelas, alí hai unha temperatura agradable, logo, pola noite, sae para alimentarse.



**O fenec:** Ten moito pelo que lle da calor pola noite e algo de fresco polo día, logo ten unhas grandes orellas que lle axudan a refrescarse.





Addax, p. 26

**O addax**: O igual que o camelo e o dromedario acumula graxa. O addax non ten xiba pero acumula a graxa no seu corpo, logo, a partir dela, fabrica auga, eso permítelle estar moito tempo sen beber.

## COMPRENSIÓN

**Resposta:**

1. ¿De que tipo de animais fala a lectura?

2. A ver cantos nomes de animais do deserto lembras.

3. ¿Cal é a principal característica de todos eles?

4. ¿Como son os desertos?

5. ¿En que se diferencian o camelo do dromedario?

6. ¿Cal é o animal que escava galerías na area? ¿Para que as fai?

7. Algúns destes animais que non beben nunca, entón ¿de onde obteñen a auga que necesitan para vivir?

8. ¿Paréceche o deserto un lugar doado para vivir os homes nel? ¿Por qué?

## ACTIVIDADES

**1. Tacha a palabra que sobra en cada frase.**

- O deserto é arenoso un lugar árido.
- As condicións montañosas de vida do deserto son moi duras.
- O camelo é un animal que ten dúas regular xibas no lombo.

- ❖ Usa o aguillón velenoso para deber matar pequenos animais.
- ❖ Ten moito pelo que lle da calor moito pola noite.

**2. Separa as palabras e escribe as frases resultantes:**

- ❖ Odesertoéunlugarárido.

.................................................................................................................................................
.................................................................................................................................................

- ❖ Ascondiciónsdevidadodesertosonmoiduras.

.................................................................................................................................................
.................................................................................................................................................

- ❖ Sonpoucososanimaisquepodensobrevivirnodesert o.

.................................................................................................................................................
.................................................................................................................................................

- ❖ Éunroedorqueescavagaleríasnaarea.

.................................................................................................................................................
.................................................................................................................................................

- ❖ Tenapelforteeescamosa.

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

3. **Escribe as seguintes frases en plural:**

- ❖ O deserto é un lugar árido.

..........................................................................................................................................

- ❖ Algún deserto é de area, outro é chan e pedregoso.

..........................................................................................................................................

- ❖ Este animal, igual que o camelo, acumula graxa.

..........................................................................................................................................

- ❖ É un roedor que escava galerías na area.

..........................................................................................................................................

4. **Une con frechas as palabras das dúas columnas de xeito que te queden frases con significado:**

| | |
|---|---|
| O deserto | que ten dúas xibas no lombo |
| Algúns desertos | é un lugar árido |
| Poucos animais | poden sobrevivir no deserto |
| Ten un aguillón velenoso | que lle da calor pola noite |
| É un animal | forte e escamosa |
| Ten moito pelo | que usa para matar pequenos animais |

| | |
|---|---|
| Non ten xiba | son de area |
| Ten a pel | pero acumula a graxa no seu corpo |

5. **Busca na sopa de letras:**

camelo, deserto, dromedario, xeco, escorpión, fenec, addax

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| V | E | R | T | A | S | E | R | F | D | R |
| D | A | E | N | F | R | I | A | E | R | A |
| E | S | C | O | R | P | I | O | N | O | L |
| S | S | I | G | S | E | A | F | E | M | E |
| E | A | S | A | T | Y | Ñ | O | C | E | X |
| R | A | E | D | O | D | A | I | S | D | N |
| T | S | A | D | A | N | G | R | E | A | O |
| O | A | E | A | E | A | E | I | D | R | C |
| C | M | E | X | T | I | R | B | A | I | R |
| S | D | E | M | C | A | M | E | L | O | A |

6. **Emparella con frechas os pronomes da columna da esquerda coas palabras da dereita, de xeito que formes frases:**

| | |
|---|---|
| Él | iremos en camelo |
| Eles | tedes unha foto en camelo |
| Nos | acumulo graxa como o dromedario |
| Elas | cazas durante a noite como os xecos |
| Vos | acumula graxa no seu corpo |
| Eu | escavan galerías na area |

Ti poden sobrevivir no deserto

7. **As sílabas deste cadro están desordenadas. Se as ordenas formarás palabras:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| to | ser | de | ................................................ |
| ri | á | do | ................................................ |
| re | a | a | ................................................ |
| lo | me | ca | ................................................ |
| ta | cró | lo | ................................................ |
| gui | llón | a | ................................................ |
| ni | a | mais | ................................................ |
| le | ve | no | ................................................ |
| ga | ra | mul | ................................................ |

8. **Agora completa este texto coas palabras que acabas de formar:**

O ................................................ é un lugar ............................................. Algúns son de ..............................., outros pedregosos. Dentro dos .......................................... que viven nel está o ....................................................... que ten dúas xibas, o .............................................. que é unha serpe moi perigosa, o escorpión que ten un ................................................. no rabo co que inxecta un ............................................. co que mata pequenos

animais. Tamén hai un animal que non bebe nunca: o ..........................................................

**9. Ordena as letras dos cadros e obterás nomes de animais deserto:**

| | | |
|---|---|---|
| g u<br>l r<br>m a a | x d<br>d a<br>a | e<br>c<br>x o |
| .................................... | .................................... | .................................... |
| t r<br>a<br>a | e c<br>m a<br>o l | r o n<br>s e p<br>c<br>i o |
| .................................... | .................................... | .................................... |
| c e<br>n f<br>e | o m r<br>d i e<br>a r o<br>d | c a o<br>r<br>t l o |
| .................................... | .................................... | .................................... |

**10. ¿Darás atopado 8 diferencias?**





**11. Escribe estas frases:**

Hai animais que non beben nunca

As condicións de vida do deserto son moi duras

**12. Inventa un principio e un final para este conto:**

"Bos días", lle dixo.

"Bos días", respondeulle o garda.

"¿Qué lugar é este, tan bonito?" preguntou o home.

"Este é o Ceo", díxolle o garda.

"¡Qué sorte que chegamos ó ceo, temos moita sede! dixo o home.

"Pois pasa e bebe o que queiras", contestoulle o garda, "pero o can e o camelo non poden entrar"

"Pero eles acompañáronme sempre" dixo o home "Eu non os podo deixar aquí fora sos, para máis, coa sede que teñen"

"Pois se queres entrar aquí, a eles telos que deixar fóra"